

Viñetas de infancia

BD Imaxes que evocan a rebelión dun grupo de debuxantes contra a todopoderosa Bruguera

Despois do emocionante traballo de Arrugas, que lle valeu, entre outros, o premio á mellor obra española no Salón do Cómic de Barcelona no 2007, Paco Roca volve cunha historia agardada especialmente entre os habituais da banda deseñada, pero non só. *El invierno del dibujante* narra a aventura profesional dun pequeno grupo de debuxantes que, na España dos últimos anos 50, abandonan a todopoderosa casa Bruguera para montar a súa propia revista, fuxindo dun trato leonino que non recoñecía, nin sequera, os dereitos sobre as súas propias creacións. Nacía así aquel mítico (e breve) Tío Vivo, comandado por Carlos Conti, Guillermo Cifré, Josep Escobar, Eugenio Giner e José Peñarroya, responsables de personaxes inesquecibles como o Reporter Tribulete, o esfameado Carpanta, ou o sufrido don Pío.

Malia que podería parecer un tema específico de máis como para interesar a un lector alleo ao asunto, Roca consegue unha narración más baseada na humanidade dos personaxes ca nunha trama cuxa resolución coñecemos de antemán, posto que el mesmo a conta nas primeiras páxinas. Os prota-

gonistas de *El invierno del dibujante* traspasan a anécdota da derrota e achégannos as súas personalidades e historias, bosquexadas maxistralmente, facendo do secundario o máis interesante.

Prender a atención do lector cunha historia que se coñece non é fácil, pero Roca lógrao. Válese da impecable recreación do ambiente, escenarios e costumes da época. Nas realistas viñetas de *El invierno del dibujante* intúese unha coidada documentación que recrea a Barcelona na que se comezan a sentir as primeiras voces reivindicativas e movementos folguistas, aínda baixo a sombra alongada da posguerra e o vixente franquismo. Por iso non é difícil relacionar a rebelión dos historietistas contra a forte Bruguera —nacida como empresa familiar moi comprometida cos represaliados na guerra—, co sentir dun pobo abafado pola ditadura, e mesmo haberá quen poida ler o primeiro como metáfora do segundo.

Como recurso narrativo, Roca basease en continuos saltos no tempo que centran o lector nos personaxes desta historia coral e na súas contradicións individuais, no canto de priorizar o desenvolvemento desta. Engádense a estes

**El invierno del dibujante ·
Paco Roca ·
Astiberri, 2010 ·
128 páx · 16 euros**



saltos un exquisito tratamiento da cor, reforzado co emprego de páxinas de diferentes tons (azuis, ocres, amarelos ou rosados) para segundo que época do ano, co que se potencian as intensas sensacións que os ambientes transmiten. É de resaltar a capacidade de Roca para somerxernos en viñetas realmente cinematográficas, onde abundan as longas conversas dos protagonistas, sen que perdamos en ningún momento o interese.

En canto aos personaxes, Roca deseña con pericia non só o grupo de disidentes, senón tamén un nutrido elenco de vital importancia na trama. Algunos veñen contribuír ao interese polo momento histórico, como o do mozo Ibáñez, a quem coñecemos no intre en que nacen Mortadelo e Filemón. Outros participan activamente no desenlace, como Vázquez —recreado máis alá das súas coñecidas anécdotas de



El invierno del dibujante //Paco Roca

crápula—, ou son o contrapunto dos protagonistas. Neste sentido destaca o papel do director artístico de Bruguera, Rafael González Martínez, personaxe que representa esa transición que a empresa vive dende o compromiso político ao monopolio

económico. El remata converténdose nun dos personaxes con máis fondura dunha historia que, sen dúbida, é quen de emocionar a calquera que sinta curiosidade pola realidade agochada detrás das viñetas da nosa infancia. // María Lado